



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria
Santiago de Compostela
e Barbanza



I ANDAINA 20 ANOS DO NOVO CLÍNICO

1. ORGANIZACIÓN

Con motivo do 20 aniversario do **Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela**, organizará a través do Servizo Galego de Saúde (Área Sanitaria de Santiago de Compostela Barbanza), o vindeiro sábado 14 de decembro a partir das 12 horas, a **I ANDAINA 20 ANOS DO NOVO CLÍNICO**.

2. PARTICIPANTES

1. Nesta ANDAINA CONMEMORATIVA, poderá participar calquera persoa que traballe ou teña traballado na Sanidade pública, que poderá ir acompañado por algún familiar;
2. Cada camiñante participará baixo a súa responsabilidade e conscientes de que deben ter un estado físico axeitado para afrontar a proba;
3. Todos os menores de 16 anos terán que ir acompañados obrigatoriamente dun adulto, o cal autorizará a súa participación na proba no momento de formalizar a súa inscrición.

3. LUGAR E HORA DE SAÍDA

Os participantes deberán situarse na **entrada principal do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, o sábado 14 de decembro ás 11.45 horas.**

4. INSCRICIÓN

As inscricións poderanse facer na páxina web www.carreirasgalegas.com ata o 13 de decembro ás 20.00 horas.

A andaina será **GRATUITA**. A inscrición será persoal e intransferible. A mesma implicará ter lido e adquirido o compromiso de que o participante **“está nun estado físico axeitado, eximindo de toda responsabilidade a organización que da participación na andaina puidera derivarse, tal como perda de obxectos persoais por roubo u outras derivadas dun mal estado físico”.**



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE


Área Sanitaria
Santiago de Compostela
e Barbanza



5. PERCORRIDO DA ANDAINA

A Andaina farase sobre un percorrido aproximado de **3,8 km**, e sairá da entrada principal do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela e pasará polo antigo Hospital Xeral de Galicia, rematando no Hostal dos Reis Católicos (antigo hospital tamén en Santiago de Compostela).

PLANO



UNHA VEZ CHEGUEN A META NO HOSTAL DOS REIS CATÓLICOS, TODOS OS/AS PARTICIPANTES SERÁN CONVIDADOS A UN APERITIVO.

6. RESPONSABILIDADE

A organización non se responsabiliza dos danos que poidan causar aos participantes por imprudencia ou negligencia. Así mesmo, o participante declara estar en condicións físicas óptimas para realizar esta proba ao facelo baixo a súa responsabilidade, eximindo a organización da proba da devandita responsabilidade. A inscrición nesta proba implica a



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria
Santiago de Compostela
e Barbanza



aceptación plena desta normativa e en caso de dúbida ou calquera situación non reflectida nela, observárase o disposto no Comité Organizador da mesma.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición consente expresamente que estes datos básicos sexan transferidos a esta entidade para o tratamento, ante a compañía aseguradora, dun seguro obrigatorio de accidentes e responsabilidade civil, así como a xestión da licenza de día e clasificación popular das probas de ruta. En calquera caso e segundo establece a Lei de protección de datos, o interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición por escrito ou por correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida Glasgow13- 15008 A Coruña.